

## Volvendo a Emiliano Balás

**Vicente Araguas**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2010]). “Volvendo a Emiliano Balás”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 22 de agosto, 32. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/446>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2010). “Volvendo a Emiliano Balás”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 22 de agosto, 32.

\* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O investigador Juan José Burgoa vén de publicar na Sociedade Cultural Valle Inclán, que preside a poeta Julia Uceda, unha biografía sobre un dos ferroláns de referencia no século XX.

# Volvendo a Emiliano Balás

## LIBROS

VICENTE ARAGUAS



Non deixa de ter razón Juan José Burgoa, pescudador con sensibilidade e método de temáticas e personaxes ferroláns e autor de “Emiliano Balás Silva, un personaxe ferrolán entre dous séculos” (Colección Soláster, Sociedade Cultural Valle Inclán, Ferrol, 2010) ao significar o esquezo sistemático ao que Ferrol somete a algúns dos seus persoeiros, en agravio comparativo co engradecemento co que trata a xente allea á cidade, á penas relacionada con ela senón tanxencialmente. Que menos, engadimos nós, que outorgarlle a Balás Silva un lugar no rueiro. O que ocupaba, con méritos moi inferiores, o seu fillo Juan Balás (falanzista ferrolán asasinado en Madrid, en 1936), ben que a rúa que levaba o seu nome leve agora o de Breogán, a partir do mítico baile que tiña como sede o que agora é edificio homónimo.

Ora, a min é o que se me ocorre que, como no poema famoso, Ferrol fai aos seus homes, para desfacelos logo. Se non, non se explica. E aquí vou teimar no caso Ricardo Carvalho, moi pouco defendido desde a súa cidade por quen poideran erguer voz (tal vez, tamén voto) diante da ofensa que lle ven inferindo á chamada Real Academia Galega. Non lles digo a que lles estaría caendo enriba se

JUAN J. BURGOA



EMILIANO BALÁS SILVA,  
UN PERSONAXE FERROLÁN  
ENTRE DOUS SÉCULOS



Colección Soláster



Burgoa é unha autoridade no estudo das cruces de pedra

## AUTOR

Balás anda no devir da poesía galega de comezos de século, cando todo estaba aínda por facer

no canto de por xente progresista (e autochamada nacionalista en máis dun caso) a Academia estivese rexida por persoal da caverna, en fin.

Balás Silva, así e todo, nado e morto en Ferrol, 1859-1934, non chegou a membro ordinario da RAG, senón correspondente. E iso en atención á súa obra (poética e dramática) en galego. Ademais do seu activismo cultural a prol do galeguismo que daquela andaba a paso lixeiro, cando non alebrestado. Comparativamente co que hoxe se estila (e os medios dos que se dispón) moito máis bulidor, onde vai parar. En Ferrol, igualmente. E non estará de máis repasar, da man de Juan José Burgoa, o mitin das Irmandades da Fala, en Ferrol, no Salón Amboage, o 11 de febreiro de 1917. E a súa constitución ferrolá, o 30 de abril do mesmo ano, con xente como Emiliano Balás, no local de Airiños da Miña Terra. Rondalla esta dirixida polo músico Seoane Pampín, avó do ferrolán Antón Seoane-Pampín, líder de Milladoiro (as pezas

“Emiliano Balás Silva, un personaxe ferrolán entre dous séculos”  
Juan José Burgoa  
Colección Soláster / 15 euros

do “puzzle” da historia moitas veces terminan canxando).

Balás, en fin, tamén anda na xénese de Toxos e Froles, máis no devir da poesía galega de comezos de século (XX), cando todo estaba aínda por facer. A poesía de Balás, espallada en revistas, algún poema tan popular como o moi reproducido “T’envexo”, andaba entre o costumismo e o folklore, con apuntes humorísticos e outros certamente sentimentais. Vaguidades ou lerías dun médico que ademais escribía e, xa se dixo, promovía sociedades e agrupacións. Unha delas, e a non a menor, a dos “boy scouts” ferroláns.

Ademais, Balás Silva pintaba, e non mal, como podemos ver nas ilustracións que acompañan o rigoroso traballo de Burgoa. Quen agradece no prólogo as axudas recibidas, unhas cantas. E saúda, tamén, aos que “non tiveron a ben axudarme nas miñas pescudas ou petición de información: agradezo esa postura pois fixeron que dese xeito as coñecese ben e ademais me obrigaron ao sempre gratificante estímulo de buscar a información por outro medios”. Ferrol, como adoita, facendo e desfacendo. Esas cousas.